



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

DATA: 27 DE NOVIEMBRE DE 2008

HORA: 20.30

CARÁCTER: ORDINARIO

No Salón de Sesións do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:45 horas do día 27 de novembro de 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión Ordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D^a. Ana A. Incera Ares
- D^a. Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- D. José Luís Sánchez García
- D. Pedro José Fernández Manín
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- D^a. María Xosefa Alonso Otero

Asiste tamén o Secretario do Concello de Foz, D. Diego Ballina Díaz, e o interventor municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1º-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 30/10/2008 (ORDINARIO E EXTRAORDINARIO).-

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA:

En relación co pleno ordinario:

Na última intervención do grupo municipal do BNG no punto relativo ás ordenanzas fiscais recóllese a expresión *teño que reducir ou gasto corrente* cando o correcto é *temos que reducir ou gasto corrente*.

No relativo á moción de urxencia para a solicitude da incorporación á rede de galescolas non se recolle a intervención do Alcalde que queremos que se nos aclare.

O SEÑOR ALCALDE:

O que manifestei é que xa estamos dentro do consorcio de igualdade, ademais xa se fixara unha reunión cos representantes para o tema da galescola así que considerabamos que xa estabamos incorporados, non obstante non había inconveniente en volver solicitalo.

Dentro do segundo rogo do noso grupo que se inclúa a referencia á Rúa do Mar.

En relación co Pleno Extraordinario:

Queremos que se deixe constancia na acta en que polos grupos da oposición municipal se solicitou intervir e que o Alcalde non nos deu a palabra.

As actas son **aprobadas por unanimidade** coas salvedades reflectidas.

2º-DECRETOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN: DAR CONTA.-

A Corporación dáse por enterada.

3º-TOMA DE COÑECEMENTO POLO PLENO MUNICIPAL DA DIMISIÓN DA SRA. CONCELLEIRA DONA MARÍA LYDIA RODRÍGUEZ MOREDA.-

O Pleno Municipal acorda tomar coñecemento da renuncia da señora Concelleira María Lidia Rodríguez Moreda e remitir a mesma á Xunta Electoral Central para que proceda ao nomeamento correspondinte.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

4º-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DAS FESTAS NA HONRA DE SAN GONZALO, BISPO SANTO COMO DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL E DE INTERESE TURÍSTICO GALLEGO.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Vista petición formulada dende a Asociación Cívico Cultural Obispo Santo.

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribucións concedidas pola lexislación de réxime local, **propoño ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. – Que se solicite ante as instancias competentes a declaración de interese turístico nacional e de interese turístico galego das festas na honra de San Gonzalo, Bispo Santo.

SEGUNDO. – Remitir o presente acordo ás instancias competentes.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ:

Vaise solicitar primeiro a declaración de festa de interese turístico intentando fundamentar ben a relevancia dos festexos.

Sometido a votación o ditame aprobase por unanimidade.

5º-MOCIÓN DO CONCELLO DE FOZ RELATIVA AO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.-

Sométese a consideración a seguinte moción informada favorablemente pola comisión informativa:

- Instar ao Goberno do Estado a seguir aplicando coa mesma dilixencia a Lei Integral de Medidas Urxente contra a Violencia de Xénero e poñer todos os medios precisos para continuar sensibilizando á sociedade española contra esta lacra
- Instar á Xunta de Galicia a seguir aplicando diligentemente, como ata agora, a Lei Galega para a Prevención e o Tratamento Integral contra a violencia de xénero
- Instar a colaboración leal do Concello coa Xunta de Galicia e co Goberno do Estado para que, no marco das súas respectivas competencias, poñan a disposición das mulleres vítimas todos os recursos posibles, implantando definitivamente a rede integral de asistencia e apoio ás mulleres vítimas da violencia de xénero, sen diferenza, en todo o territorio español
- Fomentar programas específicos para abordar os casos das mulleres en situacións de especial vulnerabilidade no noso Concello



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Loitar para, entre todas e todos os cidadáns, lograr erradicar a violencia de xénero da sociedade.
- Mellorar a efectividade das accións contra a violencia de xénero a través da creación de protocolos locais e/ou comarcais que incorporen os recursos sanitarios, sociais, educativos e de seguridade e que teñan como finalidade axilizar o acceso á atención e aos recursos para as mulleres que padecen a violencia machista.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ:

Estamos ante un tema de alta sensibilidade onde xa morreron máis de sesenta mulleres este ano. De elas trece denunciaron e dez tiñan protección. Ademais hai informes que indican que o tema implica máis dun millón de mulleres. Nestas circunstancias a lei contra a violencia de xénero mostrouse ineficaz porque non solucionou o problema e isto foi principalmente pola falta de medios, hai poucos policía, poucos xulgados específicos e os que levan está materia acumulados non dan a basto. As garantías ás mulleres son insuficientes e así pono de manifesto tanto Amnistía Internacional e o Valedor do Pobo. Cando o PP gobernaba o PSOE botáballe a culpa de cada morte que sucedía, o PP non actúa así na oposición, Lo que me estraña é porque formulan mocións ás que vostedes teñen que dar cumprimento, tomen medidas xa.

O SEÑOR ALCALDE:

Non foron capaces en oito anos de goberno en España nin en dezaseis en Galicia de aprobar unhas leis como as vixentes, non moveron un dedo por facer unha lei. Agora non hai medo nas mulleres porque saben que poden denunciar.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA:

Non nos parece nin o momento nin o lugar para a crítica. Hai unha lei, teñen deficiencias, pero estase a desenvolver. Todos temos que poñer da nosa parte. Mesmo a Lei gallega está máis avanzada nalgunhas partes que a española posto que permite adoptar medidas paliativas para aquelas mulleres que son potenciais vítimas de violencia.

Sometido a votación a moción é aprobada por unanimidade.

6º- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Á SOLICITUDE DE BEIRARRÚAS NO VIAL LU-162 FERREIRA DO VALADOURO-CANGAS DE FOZ.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular informada favorablemente pola comisión informativa e enmendada de verbo ante o Pleno Municipal:

- Que o Pleno Municipal tome o acordo de reiterar diante a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes e a Dirección Xeral de Obras Públicas a súa petición para que se dote de beirarrúas a este vial dende o punto quilométrico 10,800 e a súa saída na N-642 Santander-Ferrol o cal evitaría atropellos.

Sometido a votación a moción é aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

7º- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A REALIZACIÓN DE OBRAS PARA INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE NOIS NO TRAMO DE VÍA QUE VAI DENDE A SAÍDA DA PRAIA DE AREALONGA ARA A BAIXADA A PORTO.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular informada favorablemente pola comisión informativa:

- Que se tome o acordo para que con cargo ao orzamento deste ano se faga a obra correspondinte para dotar a esta zoa de alumeado igual que o resto da estrada.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ:

Os veciños entenden que se trata dunha obra de relevancia que é necesario acometer.

O SEÑOR ALCALDE:

Estivemos en Nois a semana pasada e non a nos formulo esa petición, debe terse en conta que nesa zona se vai producir a ampliación do paseo marítimo por Costas no cal se adoitan introducir luminarias para que se poida pasear así creo que deberíamos esperar. Ademais non é unha obra urxente, posto que por aí apenas hai vivendas. Se o fixésemos encheríamos todas as pistas de Foz.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ:

En sitios menos importantes fixéronse.

Sometido a votación a moción obtén os votos a favor dos señores concelleiros D. Ángel Cao Pérez, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín, D. Xoán Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e D^a. María Xosefa Alonso Otero (6)D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, D^a. Ana A. Incera Ares, D^a. Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi (6) e os votos en contra de D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, D^a. Ana A. Incera Ares, D^a. Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi (6). Ó producirse empate sométese de novo a votación obténdose o mesmo resultado decidindo a continuación o señor Alcalde polo seu voto de calidade a desestimación da moción.

8º- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A SOLICITUDE A FEVE DA INSTALACIÓN DE VALLAS NAS PARROQUIAS DE NOIS, CANGAS E FAZOURO.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular informada favorablemente pola comisión informativa:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Que o Pleno Municipal tome o acordo para que se solicite a FEVE que poña vallas para dar mais seguridade para que os que circulan por estas estradas nos seguintes puntos e parroquias:
- CANGAS DE FOZ: Dende o apeadeiro ata pasar a entrada que vai ao barrio de Vilachá dende N-642
- NOIS: Dende o apeadeiro ata a entrada do barrio de Lamallada fronte a saída do Colexio Fondo Nois
- FAZOURO: Na zona das Maseiras e dende Bargado a pasar a estación

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ:

Sobre esa materia fixéronse xestións con COTOP e con Ministerio de Fomento para que nos cedan valla sobrantes e poder facer pequenas actuacións posto que FEVE non vai asumir un custo tan importante, podemos solicitalo pero probablemente será papel mollado.

Sometido a votación a moción é aprobada por unanimidade.

9º- MOCIÓN RELATIVA AO PROXECTO DE PLAN SECTORIAL DE SOLO DE GALICIA CON DESTINO A VIVENDAS PROTEXIDAS E INFORME DE SUSTENTABILIDADE DO PLAN SECTORIAL DE SOLO DE GALICIA CON DESTINO A VIVENDAS PROTEXIDAS.-

Sométese a consideración a seguinte moción da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Visto que o pasado 24/10/2008 publicouse polo Instituto Galego de Vivenda en o proxecto do Plan de Vivenda Protexida o cal afecta a Foz, PROPOÑO:

- Que se solicite á Consellería de vivenda que organice, previa convocatoria en tempo e forma, unha reunión cos propietarios dos terreos afectados para proceder a explicarlles cales van a ser as actuacións consonte o proxecto presentado.
- Que polos técnicos municipais se informe se as bolsas de solo previstas afectan a servizos municipais.
- Que se informe ao Concello dende a Consellería de Vivenda de cantas vivendas vanse a realizar indicando o número de elas que vanse facer cada ano de vixencia do plan.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ:

Nos últimos tres anos a Consellaría de Vivenda non fixo unha soa vivenda na Mariña. Como non fixeron nada agora queren demostrar que van facer moito na seguinte lexislatura por iso sacan este plan a poucos meses das eleccións. Falouse moito de como se fixo o PXOM ás costas dos cidadáns pero con este plan se fixo o mesmo, a Xunta aprobouno sen aceptar os



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

veciños.

O plan que se presenta é un plan xenérico que respecto a Foz di moi pouco que ademais non se consultou nin deixado participar ao Concello, as formas non son adecuadas.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA:

Todos os Alcaldes foron informados do contido do Plan. Temos que ter en conta que se trata de plan supramunicipal que hai que explicar ben aos veciños, o noso grupo ten unha charla o luns e non cremos que a Consellaría teña problema ningún en vir a dar explicacións. Temos que ver o Plan como unha oportunidade moi boa para que se desenvolva economicamente a zona.

O SEÑOR ALCALDE:

Os cidadáns están a comprobar que teñen un goberno serio. ¿Van a vostedes a actuar como a Consellaría cando gobernen o Concello? Mandar un CD e listo. Vostede estivo a enganar os veciños porque vostede tiña que coñecer este plan e lles dito aos veciños que existían esas bolsas de chan e que o que se estaba a facer nos grupos de traballo non valía para nada. É certo que nesta materia se me convocou pero foi imposible chegar a un acordo posto que non estamos conformes coa bolsa de chan urbano porque é indesenvoluble, como moito poderíase reducir á zona de Os Limoneiros.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA:

O que hai que ter claro é que isto é un borrados e que non hai ningún problema en modificalo. Aquí imos defender o mesmo que defendemos para o PXOM e xa lle adianto que imos pedir que se retire a bolsa de chan urbano ou que se contemplan alternativas de consenso.

Sometido a votación a moción é aprobada por unanimidade.

REMATADO A ORDE DO DÍA O SEÑOR ALCALDE PROCEDE A DAR CONTA AO PLENO MUNICIPAL DOS SEGUINTE ASUNTOS:

- 1) ACORDO DA XUNTA DE GALICIA NO SEU CONSELLO DE GOBERNO DUN INVESTIMENTO DE DOUS MILLÓNS CEN MIL EUROS PARA O CONCELLO DE FOZ EN MATERIA DE ABASTECIMENTO E AUGA
- 2) AUTO DE DATA 3/11/08 DO XULGADO NÚMERO UN DE VIVEIRO POLO QUE SE ACORDA O SOBRESEIMIENTO PROVISIONAL DAS DILIXENCIAS PREVIAS NÚMERO 373/2007 INCOADAS POR DENUNCIA DE D. RAMÓN MARTÍNEZ GÓMEZ CONTRA O SEÑOR ALCALDE, OS MEMBROS DA XGL DO CONCELLO E O APARELLADOR MUNICIPAL POR DELITOS DE PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA E CONTRA A ORDENACIÓN DO TERRITORIO



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- 3) AUTO DE DATA 3/11/08 DO XULGADO NÚMERO UN DE VIVEIRO POLO QUE SE ACORDA O SOBRESEIMIENTO LIBRE DE LAS ACTUACIONES POR NO SER CONSTITUTIVAS DE INFRACCIÓN PENAL INCOADAS POR QUERELLA DE D. ANGEL CAO PÉREZ CONTRA O SEÑOR ALCALDE POR DELITO DE CALUMNIAS

A corporación dase por enterada

ROGOS E PREGUNTAS

O SEÑOR ALCALDE: En relación co muro sobre que se me cuestionou na última sesión mirárono os técnicos e imos arranxalo, a ver de que forma é posible.

- ROGOS

Grupo Municipal Popular

- 1) Que se de nome a unha rúa en honra do soldado Iván Martínez, natural de Foz e falecido en acto de servizo para o cal xa se manifestara hai tempo que se ía facer

O SEÑOR ALCALDE:

Vaise facer en honra a Iván Martínez e doutra luguesa recentemente falecida en Afganistán.

- 2) Na zona da gardaría ao campo de fútbol hai pequenas derrubas de terreos, ademais hai outro pola baixada da Rapadoira

O SEÑOR ALCALDE:

O problema na gardaría é que hai que facer un noiro e a propietaria non cede o terreo. Arranxámolo e aos catro días está igual. O da Rapadoira creo que está solucionado

Grupo Municipal do BNG

- 1) Que se arranxe un espello en Curros Enríquez que está inutilizado
2) Que se arranxe unha rede de sumidoiros que verque na estrada de LLas
3) Que se xestione a retirada das bandas que puxo Costas en Peizás.

- PREGUNTAS

Grupo Municipal Popular

- 1) ¿Vaise a rebachear a estrada de Fondás posto que hai un novo invidente que manifestou as deficiencias?

O SEÑOR ALCALDE:

Estamos rebacheando todas as parroquias, non obstante analizaremos ese caso en especial



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2) ¿Cando vai pasar o camión de recollida de vidro por Nois? Estase a acumular nun bar gran cantidade.

A CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO, SRA. INCERA ARES:

A empresa que nos outorgou a Xunta non estaba a facer ben a recollida. Decidiuse partir de cero e empezar a recollida inmediata de todas as parroquias

3) Na travesía de Nois hai tres farois que non funciona.

O SEÑOR ALCALDE:

Vanse arranxar.

Grupo Municipal do BNG

1) ¿Solicitouse a inclusión na Rede de Galescolas?

O SEÑOR ALCALDE:

Xa se remitiu

2) ¿Se ha contactado aos propietarios das fábricas de salazón de Nois?

O SEÑOR ALCALDE:

Estamos a valorar como enfocar o tema

3) ¿En que situación atopa a EDAR de Forxán?

O SEÑOR ALCALDE:

Non se vai licitar en tanto non se finalice o expediente e poñan a disposición os terreos. Estes días remitinlle unha información completa.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantase a sesión sendo as 22:45 horas do expresado día, extendéndose de todo elo a presente acta do que eu o Secretario dou fe.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario

Asdo. José María García Rivera.

Asdo. Diego Ballina Díaz